<b>Avaliación</b>	<p>A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, diagnóstica e formativa, terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.</p> <p>Tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.</p> <p>Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Tarefas realizadas, cadernos e libretas de clase e probas abertas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Considerarase en conxunto as avaliacións de todo o curso, con maior peso a primeira e segunda avaliación, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas beneficiando ao alumno.</p> <p>Os contidos do terceiro trimestre que non se deron non poderán ser avaliados</p>

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	<p>Actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondamento das aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p>
<b>Metodoloxía</b>	<p>Todo o alumnado de sexto de primaria ten conexión a Internet, ben sexa</p>

	<p>a través de dispositivos como ordenadores, tablets ou teléfonos móbiles.</p> <p>Desde un principio facilitouse ao alumnado e ás familias un correo electrónico para poder enviar as tarefas e resolver calquera dúbida que poida xurdir ao longo deste período.</p> <p>Todas as semanas os alumnos reciben unha serie de tarefas variadas, que non teñen que fotocopiarse, subidas nunha cartafol PDF na páxina oficial do colexio xunto a outros arquivos como explicacións e esquemas, que poidan servir de axuda para resolver as devanditas tarefas.</p> <p>Os alumnos mandan as tarefas para a súa corrección que son devoltas pola mestra xa corrixidas.</p> <p>Se o alumnado solicita axuda para resolver unha tarefa, envíase unha explicación máis ampla de forma individualizada.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libros físicos e recursos educativos, Google Drive, correo electrónico e Abalar.</p> <p>Participación e colaboración de toda a comunidade educativa.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Abalar móvil, correo electrónico e páxina oficial do colexio.
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro escolar.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

CURSO: 2019/2020

CENTRO: Ceip. Plurilingüe de Guillarei

CURSO: 2019-2020

NIVEL: 6º de E.P.

MATERIA: Primeira lingua estranxeira : Lingua Inglesa

DATA: 01 de Maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	3
2. Avaliación e cualificación.....	10
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) .....	13
4. Información e publicidade.....	17

## 1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Comprensión de textos escritos

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	<p><b>C</b> CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos.</p> <p><b>L</b> CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p>
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.	<p><b>C</b> CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p> <p><b>L</b></p>
B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a	<p><b>C</b> CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p> <p><b>L</b></p> <p><b>A</b></p> <p><b>A</b> AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.</p>

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
	indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.	
B3.4. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador)..	<b>C</b> <b>L</b> <b>A</b> <b>A</b> CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.  AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.
	PLB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	
	PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺@, £).	

### Produción de textos escritos

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	<b>C</b> <b>L</b> CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
familiares e predicibles.			
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	C L	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.		C L	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.
B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.		C L A A	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.  AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.
B4.9. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.			

### Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e	SC	SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición.		quen fala, respectando a quenda de palabra.
B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	<b>CL</b> <b>SC</b>	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.  SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.
B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	<b>CL</b> <b>SIEE</b>	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.  SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes.
B5.4. Recoñecer os	PLEB5.4. Participa nunha	<b>CL</b>	CL1.2. Capta o sentido global en

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. ex. estrutura interrogativa para demandar información).</p>	<p>entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p>	<p><b>SC</b></p>	<p>textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.</p> <p>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.</p>
<p>B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>	<p><b>CL</b></p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>
<p>B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.</p>		<p><b>CL</b></p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>
<p>B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).</p>		<p><b>CL</b></p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>
<p>B5.8. . Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que</p>		<p><b>CL</b></p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.			
B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.		CL	CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.
B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.		CL	CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.
B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...).		CL SC	CL2.3. Participa en representacións sinxelas.  SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.		CL SC	CL1.1. escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico.  CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.  CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.  CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.  SC1. Participa en interaccións orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.			
B5.14. Valorar as linguas coma un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.			

## 2- Avaliación e cualificación

### 2.1- Procedementos

Os procedementos de avaliación adecúoos ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante este terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter **continuo e global**, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna

Atendendo ós diferentes criterios, e partindo da época extraordinaria que estamos a vivir, non podemos levar a cabo as ferramentas que propón o currículo para seguir o proceso de avaliación na aula, polo que se modifican os procedementos da programación didáctica orixinal

No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento de carácter individual : traballos escritos, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

E respecto a avaliación **sumativa**, as probas escritas do terceiro trimestre non se poden facer debido ás clases non presenciais e a falta de recursos técnicos , pero a avaliación sumativa do terceiro trimestre basearase na presentación e valoración das producións escritas reflexadas na avaliación formativa e aos traballos de reforzo , a proposta da mestra, entregados polos alumnos .

Os procesos de avaliación adáptanse a flexibilidade que esixe estas avaliacións terceira e ordinaria.

### 2.2- Instrumentos

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book*
- Actividades de reforzo
- Actividades de repaso

- Actividades de ampliación
- Actividades voluntarias ( repaso que requiren medios técnicos)
- Actividades dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Actividades dixitais voluntarias de xogos e contos tradicionais : Online-learning Zone da E. Oxford.

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación referidas na Avaliación formativa.

**Actividades de autoavaliación e autoestudo**, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- O *self-evaluation* de cada unidade .
- Portfolio.

### 2.3- Cualificación Final

A avaliación e cualificación adáptase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre beneficiando ao alumnado.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais seguirá a ser continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo valorando os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terán valor positivo para a cualificación do alumnado.

Modificaréi o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria tendo en conta os dous trimestres anteriores e os avances conseguidos neste terceiro trimestre, valorando o desenvolvemento das actividades propostas.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e o seu rexistro é a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** aplicaranse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Partindo do anteriormente exposto paso a detallar o procedemento de cualificación da avaliación final do curso.

- Cualificación positiva se os primeiro e segundo trimestres positivos. Considerarase a nota media e subirase, sempre que o traballo desenvolvido nesta época extraordinaria sexa positivo.
- A cualificación será positiva cun dos dous trimestres do curso suspensos, sempre que se realizaran as actividades de recuperación- reforzo propostas a cada alumno-a particularmente, e tamén todas as demais do Activity Book, reforzo e ampliación.
- A cualificación será positiva se tendo os dous trimestres anteriores negativos, realizan as actividades propostas, as de reforzo, ampliación e as de recuperación propostas a cada un deles.
- A cualificación será negativa se tendo un ou dous trimestres suspensos, non fan as actividades propostas, nin as de recuperación, reforzo e ampliación.

### **3- Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre**

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, pero tamén faremos ampliación de contidos ,posto que xa iniciamos o terceiro trimestre cando chegou toda esta situación ,fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo calidades adquiridas previamente.

#### **3.1- Actividades**

- **Actividades para** activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas de repaso xa traballados e do novo que se traballa . Actividades de repaso de vocabulario.
- **De desenvolvemento** incluíndo diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:
  - vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais (**Vocabulary**).
  - A lectura e comprensión de textos (**Reading**).
  - As estruturas gramaticais (**Grammar**).
  - A comprensión e a expresión escrita (**Writing**).
  - Elimínanse a comprensión e expresión oral. ( No caso da comprensión por falta de medios técnicos, aínda que se propoñen actividades, non se pode facer de xeito obrigatorio.
- **De reforzo** : ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.
- **Ampliación:** actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades .
- Extra: son actividades de ampliación baseadas no repaso que soamente fan algún alumnos a demanda deles.
- Actividades de recuperación/ reforzo: Son as ofrecidas aos alumnos-as con máis dificultades de aprendizaxe e cunha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre.



▪ **De desenvolvemento de competencias clave**

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluírían:

- Actividades interactivas
- Actividades na lousa dixital
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades de investigación
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais
- Actividades nas que se traballan as emocións

▪ **De avaliación**

**Actividades de avaliación formativa**, onde se avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book*
- *Worksheets*
- *Outras actividades propostas (dixitais, investigación)*

**Actividades de autoavaliación e autoestudo**, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- *O self-evaluation* de cada unidade

▪ **Complementarias**

Elimínanse no terceiro trimestre.

- Tamén eliminamos ,neste atípico terceiro trimestre, as actividades reflectidas no plan Lector da Aula de Inglés.

### 3.2- Metodoloxía

Como os alumnos-as non van regresar ás clases este curso, ao inicio do próximo curso 2020-21 levarase a cabo unha proba con carácter diagnóstico como referencia para programar o inicio do curso 2020-21.

No terceiro trimestre do presente curso valoráranse as actividades de Writing e reading, posto que ,ao non ter clases presenciais é tendo en conta as dificultades atopadas , as actividades de listening e orais non se poden valorar, aínda que se enviaron vídeos e listenings mediante a páxina web do centro, no apartado específico de Inglés nas carpetas dos diferentes cursos.

Aos alumnos-as que non entregan as actividades solicitadas , ben por dificultades de medios técnicos , ( ausencia de dispositivos, rede,..) ou por abandono, se lles solicitarán as actividades ao final de maio, tendo que facelas chegar ao Centro para a súa valoración.

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp. E por suposto mediante os titores.

Para propoñer as actividades tiven en conta que:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos.
- A aprendizaxe a nivel de competencias.
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- A avaliación do proceso individual dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.
- Unha aprendizaxe permanente.

### **3.3- Materiais e recursos didácticos**

Os materiais e recursos utilizados son:

- Libro de Actividades utilizado é *All About Us* de Oxford University Press.

- Recursos na web *Oxford Online Learning Zone*, da E. Oxford, con práctica interactiva, xogos e contos tradicionais para ser utilizados na casa .
- Worksheets de repaso, reforzo, ampliación, vocabulario, reading... fotocopiadas e entregadas aos alumnos.
- Fichas de repaso cargadas na Páxina web do centro ( para a súa impresión ou realización na libreta de Inglés).
- Notebook.
- Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC .
- Recursos dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Plataforma dixital CliknPlay.

## **4- Información e publicidade**

### **4.1- Información ás familias**

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp.

### **4.2-Publicidade**

Publicación obrigatoria na páxina web do Centro

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI  
CURSO: 6º  
MATERIA: ED. FÍSICA  
DEPARTAMENTO: ED. FÍSICA  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	6º	TRIMESTRE
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ k</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas</li> <li>▪ B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.</li> <li>▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> <li>▪ B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante ás modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	3º
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	3º
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<b>TODOS</b>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<b>TODOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</li> <li>▪ B1.6 Integración das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<b>TODOS</b>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<b>TODOS</b>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	6º	TRIMESTRE
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	<p>proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</p> <p>▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</p>	<p>▪ CAA</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CSC</p>	<p>▪ TODOS</p>
<p>▪ a</p> <p>▪ k</p> <p>▪ l</p> <p>▪ n</p>	<p>▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>▪ B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>▪ B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</p> <p>▪ B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que</p>	<p>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p> <p>▪ EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</p> <p>▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p> <p>▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p> <p>▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o</p>	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSIEE</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CSIEE</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CSC</p>	<p>▪ TODOS</p> <p>▪ 3º</p> <p>▪ TODOS</p> <p>▪ TODOS</p> <p>▪ TODOS</p>



ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	6º	TRIMESTRE
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.		<ul style="list-style-type: none"> <li>resultado das competicións con deportividade.</li> <li>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TODOS</li> </ul>
